

RUSOS E NÓRDICOS TIRAN DO TURISMO

O empuxe dos visitantes máis loiros e pálidos aleda as caras na hostalería española, ao acadar un novo récord histórico ao sumar 34 millóns de turistas **► TEXTO: EFE**

ESPAÑA RECIBIU ata xullo 34 millóns de turistas internacionais, un 3,9% máis que no mesmo período de 2012, un novo récord histórico, ao que contribuíu un forte crecemento de novos mercados emisores como Rusia e os países nórdicos, e a recuperación do consumo nos tradicionais.

O volume alcanzado ata xullo superou en 400.000 turistas o ata agora mellor rexistro que se deu no mesmo período de 2008, con 33,6 millóns de chegadas internacionais, segundo a enquisa de Movementos Turísticos en Fronteiras (Frontur), difundida polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Xullo tamén se converte no mellor mes turístico da historia, con máis de 7,8 millóns de turistas, o que supón un repunte interanual do 2,9% ou 321.000 chegadas máis.

Á parte do pulo de Rusia e Escandinavia e a recuperación do consumo no Reino Unido, Alemaña e Francia, o récord débese, tamén

aínda que en menor medida, para o efecto de redirección de turistas de Exipto pola inestabilidade política do país, sinalou a Alianza para a Excelencia Turística (Exceltur).

España puido beneficiarse dunha parte importante deste desvío de turistas grazas á súa gran capacidade hoteleira, mentres que no crecemento do mercado ruso axuda a simplificación por parte das autoridades españolas do proceso para a obtención dos visados.

Rusia foi o país que máis repuntou nos sete primeiros meses do ano, cun aumento do 30,6%, ata os 838.876 turistas, seguido de Escandinavia, que, cun incremento do 18%, sumou case 2,9 millóns e foi o cuarto maior mercado emisor de España.

Pola súa banda, o Reino Unido emitiu ata xullo máis de 8 millóns de turistas a España (un 23,5% do total), un 4,3% máis, en tanto que Alemaña e Francia foron os seguintes emisores, con 5,4 millóns (un 2,5% máis) e 5,1 millóns (un 5,2% máis) de visitantes cada un.

Os crecementos rexistrados por

estes países puideron compensar de sobra as caídas do 13,3% e do 7,3% que experimentaron, respectivamente, o quinto mercado emisor de España, Italia, con 1,75 millóns de turistas, e o oitavo, Portugal, con 973.305, os dous únicos con cifras negativas.

En canto ás comunidades de destino principal, todas mostraron resultados positivos nos sete primeiros meses do 2013, salvo a de Madrid que acumulou un descenso do 5,7%, ata os 2,4 millóns, tras unha caída do 10,7% en xullo.

Cataluña foi o principal destino turístico ata xullo, con preto de 8,8 millóns de turistas estranxeiros (o 25,8% do total), un 5,1% máis que durante o mesmo período de 2012, grazas ao pulo principalmente do mercado ruso e francés.

As seguintes comunidades foron Baleares, con 6,2 millóns de turistas ata xullo (un 7,5% máis); Canarias, con 5,8 millóns (un 0,9% máis); Andalucía, con 4,4 millóns (un 3,6% máis), e a Comunidade Valenciana, con 3,3 millóns (un 11,8% máis).



Dúas turistas, nunha praia de Castelló. EFE (AEP)